

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 25 DE ABRIL DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Actualización do proxecto construtivo adaptación da AC-934 ao Plan de baixa IMD mellorada. Treito I: puntos quilométricos 12+900 ao 17+300, coa clave AC/10/094.02.1.2, no concello de Sobrado dos Monxes.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Cervo dun treito da estrada LU-P-1505.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual derivado da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030, que executarán grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, por un importe de cento cincuenta mil euros (150.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproba a ampliación 2019-2021 do Plan director de seguridade TIC.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Rehabilitación integral do edificio administrativo na rúa Gregorio Hernández da Coruña coa clave AC/17/168.60, por importe de seis millóns cincocentos vinte mil cento noventa e oito euros con cincuenta e oito céntimos (6.520.198,58 €) e un valor estimado de cinco millóns trescentos oitenta e oito mil cincocentos noventa e tres euros con oitenta e sete céntimos (5.388.593,87 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e Aceesca, Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Aceesca, polo importe máximo de cento vinte e un mil once euros con oitenta e seis céntimos (121.011,86 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer—Aspace para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Amencer e ao centro de educación especial *Princesa Letizia*, polo importe máximo de cento doce mil vinte e dous euros con catro céntimos (112.022,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o centro especial de emprego sen ánimo de lucro ASCM—Ferroterra, S.L. para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado asociado á entidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de corenta e nove mil sesenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (49.065,46 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Aspace, polo importe máximo de oitenta e catro mil douscentos cincuenta e catro euros con oitenta e seis céntimos (84.254,86 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña Aspanaes para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado aos centros de educación especial Aspanaes A Coruña, Aspanaes Duques de Lugo,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Aspanaes Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de douscentos sesenta e tres mil setecentos sesenta e oito euros con cincuenta e catro céntimos (263.768,54 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Aspanaex, polo importe máximo de trinta e tres mil oitocentos once euros con oitenta e oito céntimos (33.811,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Ntra. Sra. de Lourdes, polo importe máximo de sesenta e tres mil trescentos sesenta e catro euros con setenta e catro céntimos (63.364,74 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial *Ilustre Mestre*, polo importe máximo de vinte e catro mil novecentos setenta e sete euros con vinte e seis céntimos (24.977,26 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación BATA (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo) para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación Especial BATA – Os Mecos, polo importe máximo de dez mil novecentos setenta e catro euros con sesenta e catro céntimos (10.974,64 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación BS A Esperanza do Val Miñor para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao centro de educación especial *Juan María*, polo importe máximo de cincuenta mil douscentos trinta e seis euros con corenta e oito céntimos (50.236,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e I-LAB Centro Especial de Empleo, S.L., para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de setenta e catro mil novecentos setenta e catro euros con sesenta e catro céntimos (74.974,64 €).



CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, o organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Fundación Galicia Sustentable,, para o desenvolvemento da Senda dos Faros, por importe total de cento oitenta mil euros (180.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos aditivos, por importe de cincocentos sesenta e un mil douscentos setenta e tres euros (561.273 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación "Monte do Gozo" para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo "Proxecto Home" de atención integral de persoal en risco e con trastornos aditivos da Comunidade Autónoma de Galicia e do Programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por importe de oitocentos sesenta mil cincocentos trinta e cinco euros (860.535 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (Aspaneps) para o desenvolvemento do Programa de atención á saúde mental infantoxuvenil na área de Ferrol, por importe de cento corenta e un mil cento setenta euros (141.170 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, por importe de cento oitenta e catro millóns oitocentos un mil catrocentos corenta e sete euros con noventa e nove céntimos (184.801.447,99 €) e un valor estimado de douscentos trinta e dous millóns setecentos cincuenta e dous mil douscentos sesenta e tres euros con noventa e cinco céntimos (232.752.263,55€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para superar a porcentaxe do pagamento anticipado na Orde pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións destinadas ao Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

convocatoria para o ano 2019. Importe total: un millón novecentos corenta e cinco mil trescentos once euros (1.945.311€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños para a execución do programa de "Integración Familiar". Importe: seiscentos trinta mil seiscentos setenta e un euros con vinte e un céntimos (630.671,21€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan galego de formación 2019-2020.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural do ano 2019.
- Informe sobre o avance provisional do turismo de Galicia en Semana Santa.

A LEI DE REFORZO DE ACTUACIÓN S PRIORITARIAS PERMITIRÁ QUE GALICIA UTILICE O 100% DO SUPERÁVIT DE 2018, 125 MILLÓNS, PARA REFORZAR O GASTO EN SANIDADE, EDUCACIÓN E SERVIZOS SOCIAIS PÚBLICOS

- *A Xunta opta por empregar unha ferramenta alternativa, legal e que se pode aprobar sen necesidade de autorización do Goberno central*
- *O superávit servirá para reforzar con 200 profesionais a Atención Primaria e para mellorar os centros sanitarios, educativos e sociais, entre outras actuacións*
- *O Goberno galego considera que Galicia non pode agardar máis e non pode verse prexudicada pola inestabilidade da política estatal*
- *A urxencia desta lei xustifícase polo feito de que os investimentos en centros educativos se teñan que facer no período vacacional de verán, así como a necesidade de reforzar o antes posible a Atención Primaria*

O Consello da Xunta deu luz verde ao anteproxecto de Lei de reforzo de actuacións prioritarias, que permitirá que Galicia poida utilizar o 100% do superávit contable de 2018, 125 millóns de euros, para reforzar o gasto social en Sanidade, Educación e Servizos Sociais públicos. Esta ferramenta alternativa, legal e que se pode aprobar sen necesidade de autorización do Goberno central servirá para que Galicia dispoña dunha capacidade de gasto adicional de 130 millóns de euros, xa que ao superávit de 2018 se lle unen outros cinco millóns por aforros de gasto financeiro.

Deste xeito, a través desta lei –que será remitida inmediaaautorízase un suplemento de crédito que terá un triplo obxectivo: levar a cabo actuacións nos servizos públicos, prioritarias e previstas para os vindeiros anos, e que agora se poderán adiantar xa a 2019; reforzar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde, para afrontar a nova planificación e os retos nos vindeiros anos; e todo isto empregando o superávit sen penalizar o cumprimento das regras fiscais para este ano e sen agardar a que España recupere a estabilidade.

A Xunta de Galicia considera que Galicia non pode agardar máis e non pode verse prexudicada pola inestabilidade da política estatal. Ademais, varias razóns de operatividade xustifican a urxencia de que estas actuacións se poidan facer canto antes, como é o feito de que os investimentos en centros educativos e en escolas infantís públicas se teñan que facer no período vacacional de verán ou a importancia de reforzar o antes posible a Atención Primaria, tanto no eido do persoal como de equipamento.

Tralo bo peche do exercicio orzamentario de 2018, a Xunta de Galicia opta por acometer unha serie de operacións de reordenación do endebedamento do sector público autonómico que: xera aforros nas cargas fiscais futuras, e posibilita unha serie de dispoñibilidades crediticias que permiten financiar novas actuacións prioritarias. Este novo crédito financiarase reorientando o gasto dedicado a amortizar débeda da Comunidade, concretamente, das entidades SPI e Xestur-.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Así, Galicia utilizará o superávit de 2018 para reducir a débeda da Comunidade Autónoma, co que se liberan créditos orzamentarios para financiar novos investimentos en Sanidade, Educación e nos Servizos Sociais públicos. Dos 130 millóns de euros de nova capacidade de gasto, 96 estarán recollidos expresamente neste proxecto normativo e se investirán entre este ano e o que vén; e 34 millóns quedarán dispoñibles na Sociedade Pública de Investimentos.

Actuacións prioritarias xa neste 2019

En relación a distribución do superávit neste 2019, á Sanidade Pública destinaranse 22 millóns para: un aumento en máis de 200 prazas de persoal na Atención Primaria; mellora de equipamento de centros de saúde e hospitais, construción de novos centros de saúde; e mellora do transporte sanitario urgente. A previsión da Xunta é destinar á Sanidade pública máis de 40 millóns de euros entre o ano 2019 e 2020.

No eido da Educación Pública, este ano investiranse 22,7 millóns na mellora de instalacións, con actuacións en 22 colexios e institutos. E, en relación aos Servizos Sociais Públicos, destinaranse 6,2 millóns de euros a actuacións de mellora das instalacións das escolas infantís, centros de maiores e residencias. Así mesmo, destinarase unha achega de 3 millóns de euros para actuacións no medio rural.

Parte das actuacións encadraranse como investimentos financeiramente sostibles, polo que a súa execución non afectará ao cumprimento da regra de gasto neste 2019, tal como permite o real decreto que o Goberno aprobou a instancias de Galicia.

Con esta lei investiranse, polo tanto, 96 millóns de euros: 48 millóns este ano e outros 48 millóns en 2020. E, a maiores, quedará dispoñible unha capacidade adicional de investimentos doutros 34 millóns -17 millóns cada ano-, que non teñen que formar parte desta lei e cos que se financiarán outras actuacións ao longo do exercicio a través da Sociedade Pública de Investimentos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA REFORZAR A SEGURIDADE DE CONDUTORES E PEREGRINOS NA ESTRADA AC-934, EN SOBRADO, CUN INVESTIMENTO DE CASE 1,7 MILLÓNS DE EUROS

- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé licitar nas vindeiras semanas a primeira fase das obras de acondicionamento desta estrada autonómica***
- ***A intervención estenderase ao longo dun treito de 4,4 quilómetros e permitirá aumentar o largo da estrada e rectificar as curvas de raio máis reducido***
- ***Melloraranse as interseccións e executaranse semiglorietas e carrís de aceleración que faciliten xiros e as incorporacións en condicións máis seguras***
- ***Crearase unha senda de preto de 3 quilómetros no treito de estrada coindidente co Camiño de Santiago do Norte, favorecendo a preparación da Ruta para a celebración do vindeiro Xacobeo 2021***

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións necesarias para a reforma da estrada AC-934, no termo municipal de Sobrado, o que permitirá reforzar a seguridade viaria de condutores e peregrinos mediante un investimento autonómico de case 1,7 millóns de euros.

O Decreto de Utilidade Pública aprobado hoxe prevé a expropiación dos 156 predios necesarios para a execución destas obras. Desta forma, o Goberno galego avanza na tramitación necesaria para acometer esta actuación, que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé licitar nas vindeiras semanas.

Trátase da primeira fase da actuación prevista nesta estrada, concretamente entre o límite coa provincia de Lugo ata o núcleo das Abeleiras. Actuarase nun treito de 4,5 quilómetros, integramente no concello de Sobrado, para dar continuidade ás obras de mellora executadas nesta mesma vía entre o municipio lugués de Friol e o límite de provincia.

A actuación suporá unha importante mellora da seguridade viaria desta estrada, coa ampliación da calzada para acadar un largo de plataforma de 8 metros, con características xeométricas similares ás acadadas na vía no treito mellorado na provincia de Lugo. Ademais, realizarase unha rectificación das curvas de menor raio, garantindo en todo o treito un raio mínimo de 50 metros.

As obras suporán a rehabilitación estrutural de todo o firme e na travesía de Vilariño-O Mesón estenderase unha nova capa de rodada, ademais de ordenarse os aparcadoiros.

Xunto con isto melloraranse as principais interseccións coas vías locais, coa creación de cuñas de cambio de velocidade e semiglorietas para facilitar os cambios de sentido.

Debido a que se trata dunha estrada que coincide co Camiño de Santiago do Norte, concretamente da Ruta da Costa, e polo tanto cunha alta presenza de peregrinos, o proxecto que se vai executar inclúe as medidas necesarias para garantir a súa seguridade.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Así, no treito en que a vía coincide coa Ruta Xacobeá, construírse unha senda de aproximadamente 3 quilómetros de lonxitude, desde o límite coa provincia de Lugo ata a entrada na travesía de Vilariño-O Mesón, que xa conta con beirarrúas e onde o Camiño se afasta da estrada autonómica.

Con esta actuación mellorarase a seguridade viaria e a comodidade na circulación dos usuarios, favorecendo ademais a preparación do Camiño de Santiago para a celebración do vindeiro Xacobeo 2021.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE CERVO DA TITULARIDADE DUN TREITO URBANO DA VÍA PROVINCIAL LU-P-1505

- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme á Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***
- ***Coa transferencia, o Concello será responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Cervo dun treito urbano da vía provincial LU-P-1505.

O concello lugués solicitou á Deputación Provincial o cambio de titularidade dun tramo da vía LU-1505, no tramo comprendido entre o punto quilométrico 0, que ten orixe na estrada N-642, e o punto quilométrico 2,250, xustificando a súa petición no carácter urbano que presenta a maior parte deste treito.

Pola súa banda a Deputación Provincial de Lugo aceptou o cambio de titularidade sinalando que o punto final do treito que se vai ceder se sitúa no punto quilométrico 1+970 da LU-P-1505, que corresponde á intersección coa LU-P-1504, de Río Covo (N-642)-As Fábricas de Sargadelos (LU-1505). Deste xeito o percorrido da vía provincial LU-P-1504 e da estrada estatal N-642 constituirán unha posible alternativa viaria ao treito que se vai ceder.

A transferencia a prol do Concello de Cervo deste treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo executivo autonómico, o Concello de Cervo terá a competencia para actuar en ambas as vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA FINANCIA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA EN MATERIA DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

- ***A orde, que se comezou a convocar en 2014, está dotada con 150.000 euros para dúas anualidades***
- ***Enmárcase no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 e alíñase coa Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable***

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria da orde de axudas destinada a financiar proxectos de investigación nas universidades galegas en materia de cooperación para o desenvolvemento. A orde, que se comezou a convocar en 2014, estará dotada con 150.000 euros que se distribuirán entre este ano e o próximo.

Máis en concreto, a convocatoria está dirixida a financiar proxectos de investigación e a creación de grupos de investigación. As entidades beneficiarias serán as universidades do Sistema universitario de Galicia, aínda que tamén se poderán beneficiar as ONGD e outros axentes de cooperación sempre que se presenten en agrupación coas universidades, que serán as que deberán liderar o proxecto.

O importe máximo da axuda será de 15.000 euros no caso dun investigador individual que presente un proxecto de investigación, e ascenderá a 30.000 euros cando se trate dun proxecto dun grupo xa constituído. Pola súa banda, a subvención para a creación dun grupo de investigación poderá chegar a un máximo de 35.000 euros.

Esta convocatoria enmárcase no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, así como no plan anual para este ano. Cumpre cos obxectivos de apostar por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación; promove unha cultura de investigación que mellora a xestión e contribúe ao impacto das intervencións; e posibilita unha maior orientación estratéxica coa posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia.

Ademais, esta orde alíñase coas liñas estratéxicas da Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable, no sentido de ter como obxectivo o desenvolvemento humano e sustentable.

A XUNTA AMPLÍA O PLAN DE SEGURIDADE TIC ATA 2021 E INCREMENTA O INVESTIMENTO NESTE ÁMBITO EN 4,5 MILLÓNS DE EUROS

- ***A entrada en vigor do RXPd, das novas leis de Administración electrónica e as modificacións do Esquema nacional de seguridade fan preciso actualizar as liñas de acción do plan, ampliar o prazo de execución e o seu orzamento***
- ***Entre 2015 e 2018 investíronse 6,4 millóns de euros nas actuacións do plan, que conta con 10,9 millóns de euros ata 2021***
- ***Máis formación e concienciación, plans específicos para avanzar na adecuación ao RXPd e novas plataformas para previr ciberataques son algunhas das medidas previstas para os vindeiros tres anos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a ampliación do Plan director de seguridade TIC ata o ano 2021. Este plan púxose en marcha en 2015 co horizonte 2020 para consolidar unha xestión da seguridade transversal a todos os organismos da Xunta e incrementar a súa capacidade de prevención, resposta e recuperación ante incidentes de ciberseguridade.

A entrada en vigor do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd) e das leis 39 e 40/2015, que supuxeron unha ampliación do alcance do Esquema nacional de seguridade, fan preciso actualizar as liñas de acción definidas inicialmente no plan, ampliar o prazo de execución (previsto para 2020) ata o 2021, así como a súa dotación orzamentaria.

Só en 2018 as plataformas especializadas na protección e prevención de ciberataques, implantadas ao abeiro do plan, evitaron máis de 27 millóns de incidencias de seguridade. O incremento constante de riscos e ameazas á seguridade da información, así como os exixentes cambios normativos, fan necesario incrementar o orzamento do plan. Nos primeiros catro anos do plan, entre 2015 e 2018, investíronse 6,4 millóns de euros nas súas actuacións e para os tres restantes está previsto un orzamento de 10,9 millóns de euros.

Información sensible

O obxectivo final é garantir a seguridade e dispoñibilidade, as 24 horas do día os 365 días do ano, duns servizos dixitais de calidade e a custodia, coas máximas garantías, do elevado volume de información sensible que xestiona a Administración e que abrangue expedientes xudiciais, académicos, administrativos, tributarios historias clínicas ou sociais, e calquera dato que cidadáns e empresas intercambian coa Administración.

A esta información, en constante crecemento, súmanse as comunicacións a través da rede corporativa da Xunta que cada vez xestiona un maior volume de tráfico e que precisa tamén de máis recursos para evitar incidentes de seguridade. Actualmente, esta rede presta servizo a máis de 3.000 centros administrativos, 1.400 centros educativos; 600 centros sanitarios; 322 entidades xudiciais, 1.500 oficinas de farmacia e 91.000 empregados públicos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

O Plan de seguridade TIC vén desenvolvendo diferentes medidas a nivel formativo, normativo, organizativo e de protección para garantir a seguridade dos sistemas TIC e, polo tanto, a prestación duns servizos dixitais de calidade, dispoñibles e seguros para os cidadáns e prevé novas iniciativas nestes ámbitos para o período 2019-2021.

Formación e concienciación

A partir de 2015 definiuse un plan de formación en materia de seguridade para o persoal do sector público autonómico, que se desenvolve a través da Escola Galega de Administración Pública, coa que se traballa tamén para que incorpore nos seus plans anuais de formación cursos de seguridade e de protección de datos para as administracións autonómica e local e para as universidades.

Estas accións terán continuidade no período 2019-2021 e completaranse con formación especializada para o persoal TIC e con capacitación específica para os delegados de protección de datos da Xunta.

Tamén se levarán a cabo campañas de formación e concienciación en materia de protección de datos adaptadas a diferentes perfís do sector público, tanto a través de cursos presenciais como de charlas divulgativas ou gamificación.

Nivel normativo

No aspecto normativo, durante o período 2015-2018 avanzouse na adaptación ao Regulamento xeral de protección de datos (RXPD) con medidas como a creación da figura do delegado de protección de datos e definiuse un plan de adecuación para axustarse ás exixencias do Esquema nacional de seguridade.

Para período o 2019-2020, o Plan de seguridade TIC prevé implantar unha ferramenta para a xestión integral de todo o relacionado co RXPD e apoio e soporte aos delegados de protección de datos da Xunta de Galicia. Ademais adaptaranse toda a documentación e os procedementos actuais ao novo regulamento de protección de datos e desenvolverase o plan de adecuación ao Esquema nacional de seguridade.

Marco organizativo

En 2017 púxose en funcionamento o servizo de ciberseguridade, que supuxo un importante reforzo nas capacidades de supervisión neste ámbito. Ademais, definiuse o centro de resposta ante incidentes de seguridade, CSIRT.gal, integrado na plataforma CSIRT de ámbito nacional, que se ocupa de optimizar a cooperación entre os diferentes centros para actuar fronte a problemas de seguridade informática nas redes españolas.

Continuarase potenciando CSIRT.gal, traballando na mellora dos procedementos e estudando a posibilidade de asociarse a outros grupos internacionais de xestión de incidentes, por exemplo a rede FIRST, o foro internacional de equipos de resposta ante incidentes informáticos máis relevante a nivel mundial.

Medidas de protección

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

As medidas de protección abranguen tanto as infraestruturas físicas como a implantación de novas ferramentas. En canto ás infraestruturas, reforzáronse os sistemas de control de acceso e vixilancia. Respecto aos sistemas TIC, durante este período implantáronse novas plataformas especializadas na protección e prevención de ciberataques, un tornalumes de aplicación web e un tornalumes corporativo que revisa en tempo real o fluxo de tráfico entrante e saínte da rede corporativa.

Ata o 2021 está previsto a implantación de novas plataformas de prevención ante intrusións e de protección ante *malware* avanzado, así como o desenvolvemento de medidas para a protección no control e uso de dispositivos e portos USB, a mellora das capacidades de auditoría nos sistemas de ficheiros e o establecemento da dobre autenticación para os administradores de sistemas e o acceso á información sensibles.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS PARA TRANSFORMAR A ANTIGA DELEGACIÓN DE SANIDADE NA CORUÑA NO ESPAZO AMIZAR CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 6,5 MILLÓNS DE EUROS

- ***O Goberno galego iniciará nos vindeiros días a contratación da rehabilitación integral do edificio administrativo da Xunta na rúa Gregorio Hernández, no centro urbano da cidade***
- ***A intervención permitirá rehabilitar uns 5.500 metros cadrados para crear un novo espazo público***
- ***A actuación permite pór en valor o patrimonio propiedade da Comunidade Autónoma, aproveitando os edificios de carácter singular, modernizando os inmobles e poñéndoos de novo ao servizo dos cidadáns***
- ***A Xunta continúa á espera de que o Concello da Coruña emita a licenza municipal para as obras, que foi solicitada o pasado mes de novembro***

O Consello da Xunta autorizou a licitación das obras que transformarán a antiga Delegación da Consellería de Sanidade na cidade da Coruña no novo Espazo Público Amizar, cun investimento autonómico de máis de 6,5 millóns de euros.

Con este acordo, o Executivo galego completa a tramitación necesaria para contratar esta actuación de rehabilitación integral do edificio administrativo da Xunta de Galicia sito na rúa Gregorio Hernández, esquina coa avenida Peruleiro, no centro urbano da cidade.

Nas próximas semanas a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten prevista a licitación dos traballos.

O novo Espazo Público Amizar suporá a rehabilitación duns 5.500 metros cadrados de espazos para ofrecer mellores servizos e xerar novas oportunidades. Ademais, permitirá aproveitar os recursos da Administración para crear un novo espazo público.

A actuación prevista no edificio proxectado en 1971 está deseñada para dar resposta ás necesidades e aos diferentes usos aos cales se destinará o edificio: oficina de emprego, sede de entidades sociais e sanitarias sen ánimo de lucro e oficinas administrativas da propia Xunta. O edificio contará cun salón de actos de común para todos os usuarios do Espazo Amizar.

As obras previstas modificarán os núcleos de comunicación vertical e os accesos; intervirán no patio interior, mellorando a entrada de luz e a permeabilidade visual, e suporán tamén a reforma da fachada, de forma que proxecte unha imaxe renovada do conxunto, así como unha mellora da eficiencia enerxética.

Con esta actuación o Executivo galego permite pór en valor o patrimonio propiedade da Comunidade Autónoma, aproveitando os edificios de carácter singular como a antiga Delegación, modernizando os inmobles e poñéndoos de novo ao servizo dos cidadáns.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

A Xunta continúa á espera de que o Concello da Coruña emita a licenza municipal para as obras, cuxa solicitude foi realizada pola Administración galega a principios do pasado mes de novembro.



EDUCACIÓN ASINARÁ CONVENIOS CON 11 ENTIDADES PARA FACILITAR O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO A ALUMNOS CON DISCAPACIDADES

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a estes acordos, que suporán un investimento de 888.462,4 euros***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vai asinar convenios de colaboración con 11 entidades de atención a persoas con discapacidade para facilitar o vindeiro curso 2019/20 o servizo de transporte escolar adaptado a 282 alumnas e alumnos. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, que deu luz verde tamén a destinar 888.462,4 euros ao conxunto destes acordos.

Ao abeiro dos convenios, as devanditas asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a Consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos. O servizo contará co apoio de 57 auxiliares.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa entidade Aceesca, Asociación de Apoyo a Persoas con Diversidad Intelectual, coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer—Aspace, co centro especial de emprego sen ánimo de lucro ASCM—Ferroterra, S.L., coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo Ourense, coa Asociación BATA (Bayón, Asociación para el Tratamiento del Autismo), coa Asociación BS A Esperanza do Val Miñor e con I-LAB Centro Especial de Empleo, S.L.

Os escolares que reciben este apoio presentan distintos tipos de discapacidades, polo que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste sentido, cómpre tamén sinalar o carácter educativo que para este alumnado con

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

distintos tipos de discapacidades ten, ademais do transporte escolar, o comedor escolar, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

A XUNTA IMPULSARÁ A SENDA DOS FAROS PARA DESCUBRIR A PAISAXE E O PATRIMONIO DO LITORAL GALEGO

- ***O Consello da Xunta autoriza un convenio de colaboración entre Turismo de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Fundación Galicia Sustentable para o seu desenvolvemento***
- ***Un dos obxectivos é establecer unha rede de sendeiros delimitados, accesibles e seguros para o uso e gozo da sociedade***
- ***A Administración autonómica destinará 212.000 euros nos anos 2019 e 2020***

O Consello da Xunta autorizou a subscripción dun convenio de colaboración para impulsar a Senda dos Faros por un importe global de 212.000 euros a través de diversos conceptos. O acordo coordinará a acción conxunta da Consellería de Cultura e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, que achega de xeito directo 100.000 euros; da Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), con 80.000 euros máis; do Instituto de Estudos do Territorio, cun traballo valorado en preto de 32.000 euros, e da Fundación Galicia Sustentable, o que permitirá poñer en valor os faros galegos e contribuirá á dinamización das localidades polas que pase a Senda.

A Senda dos Faros configúrase como un itinerario de interese paisaxístico, en coherencia coa natureza e as funcións que lle outorgan as directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral (POL). A senda ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a valorización dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo. Así mesmo, busca a conexión con outras rutas alternativas que discorren por núcleos asentados na contorna do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido ou esquecido.

No ano 2014, a Fundación Galicia Sustentable comezou a deseñar, a partir de traballo de campo e tecnoloxías da información xeográfica, o trazado da senda desde Tapia de Casariego (Asturias) ata a Ponte da Amizade na fronteira con Portugal. Deséñase a partir de 56 etapas, das cales tres son insulares, tendo en conta aspectos paisaxísticos, de seguridade e de existencia de servizos, entre outros.

Agora, no marco deste novo acordo, preténdese establecer unha rede de sendeiros delimitados, accesibles e seguros para o uso e gozo da sociedade. Neste sentido, resulta fundamental a articulación con outros percorridos xa establecidos no litoral galego. Destacan pola súa historia e particularidade os diferentes camiños de Santiago e, máis directamente co obxectivo da Senda, a existencia da Ruta europea de gran Percorrido que une San Petersburgo con Lisboa, posto que a incluíría na súa totalidade.

Por outra banda, o proxecto busca xerar un modelo de xestión integrado que leve a unha maior identificación dos galegos coa *Senda dos Faros*. Para conseguilo, levarase a cabo un programa de actuacións e actividades que pasan pola creación dunha caracterización cultural e paisaxística, a realización dun proceso de participación pública que permita a

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

identificación de problemas e a concreción de obxectivos e un modelo de xestión por proxectos entre os que se atopará o proxecto EduCamiño (programa didáctico orientado a centros formativos, asociacións locais e profesionais da xestión turística), o CoidaCamiño (acordos de custodia territorial e paisaxística) ou o MetaCamiño (para a documentación de actividades realizadas).

O SERGAS DESTINA 1,5 MILLÓNS DE EUROS PARA PROGRAMAS TERAPÉUTICOS DE ADICCIÓNS E DE SAÚDE MENTAL INFANTOXUVENIL

- ***As tres asociacións destinatarias destas axudas realizarán a atención integral dos pacientes con trastornos adictivos e dos nenos e mozos con problemas de saúde mental, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá os convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e diferentes asociacións por un importe de 1.562.978 euros. En concreto, están destinados a tres asociacións sen ánimo de lucro. Dúas delas, a Fundación Monte do Gozo e a Asociación Cruz Vermella de Lugo, traballan no desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos aditivos derivados do uso das drogas. A terceira, a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (Aspaneps), traballa na promoción, tratamento e rehabilitación en saúde mental infantoxuvenil.

Monte do Gozo

A Fundación Monte do Gozo e o Sergas establecen un convenio de colaboración, en que o Servizo Galego de Saúde vai destinar un importe de 860.535 euros para o desenvolvemento de dous programas.

O primeiro deles é o programa terapéutico-educativo "Proxecto Home" de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Proxecto Home presta servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, a través de diversos subprogramas como o educativo para mozos e adolescentes; os de alcoholismo, ludopatía e cocaína; comunidades terapéuticas urbana e intrapenitenciaria; o centro de acollida inmediata "O Meu Lar" e o proxecto "Acougo" de patoloxía dual (para persoas que padecen simultaneamente un trastorno adictivo e outro trastorno mental).

O segundo dos programas está destinado ao tratamento e á rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica. A través deste programa a fundación Monte do Gozo comprométese a dispoñer de 11 camas para o internamento temporal e aplicar os programas asistenciais e rehabilitadores aos pacientes con graves e persistentes problemas de dependencia alcohólica.

Cuz Vermella

A través do convenio de colaboración co Sergas, Cruz Vermella de Lugo recibirá 561.273 euros para realizar a atención integral aos pacientes con trastornos adictivos e ás súas familias atendendo a criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Esta atención realizarase na súa respectiva área de influencia que comprende Baralla, Outeiro de Rei, Guitiriz, Becerreá, Portomarín, Muras, Cervantes, Rábade, A Pastoriza, Navia de Suarna, O Incio, Vilalba, As Nogais, Láncara, Xermade, Pedrafita do Cebreiro, Paradela, Antas de Ulla, Baleira, O Páramo, Monterroso, A Fonsagrada, Samos, Palas de Rei, Negueira de Muñiz, Sarria, Meira, Castroverde, Triacastela, Pol, O Corgo, Abadín, Ribeira de Piquín, Friol, Begonte, Riotorto, Guntín, Castro de Rei, A Pontenova, Lugo, Cospeito e Taboada.

O Servizo Galego de Saúde colaborará coa Asociación Cruz Vermella de Lugo no desenvolvemento de programas de asistencia sanitaria especializada, desde un enfoque biopsicosocial, a persoas con trastornos aditivos derivados do uso de drogas. Os usuarios destes servizos contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias sociosanitarias.

Nos programas levados a cabo por Cruz Vermella de Lugo e pola Fundación Monte do Gozo teranse en conta os aspectos necesarios para dar resposta ás necesidades dos colectivos máis vulnerables, atendendo á perspectiva de xénero e ás necesidades específicas das mulleres que padecen este tipo de patoloxías, e darase unha resposta máis completa ás necesidades das persoas que padecen patoloxía dual.

Asociación de pais de nenos con problemas psicosociais (Aspaneps)

O Servizo Galego de Saúde establece tamén un convenio de colaboración coa Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (Aspaneps) para a realización do programa denominado "Atención e enlace para a promoción, tratamento e a rehabilitación en saúde mental infantoxuvenil" na Área de Xestión Integrada de Ferrol. A dotación económica deste convenio é de 141.170 euros.

Con esta actuación, o Servizo Galego de Saúde busca ofrecer unha atención aos colectivos de maior vulnerabilidade, como é o caso dos menores con problemas de saúde mental infantoxuvenil, e ofrecer apoio aos seus proxenitores, a través dos programas psicoeducativos e preventivos.

O obxectivo xeral do programa é apoiar, orientar, e asesorar a menores que teñen dificultades que poñen en risco o seu benestar persoal e a súa integración social, así como a súa familia e a outros axentes sociais. Isto se consegue a través de estratexias de promoción, prevención, asistencia psicosocial e rehabilitación que garantan unha saúde mental integral.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE TERRESTRE QUE INCORPORA SEIS NOVAS AMBULANCIAS DE SOPORTE VITAL AVANZADO

- ***Inclúense seis novas ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado, das cales dúas son ambulancias medicalizadas e catro son ambulancias de enfermaría***
- ***Engádesse unha ambulancia de soporte vital básico no Carballiño e as unidades non asistenciais de Pedrafita do Cebreiro e de Folgoso do Courel aumentan a súa operatividade ata as 24 horas***
- ***O orzamento de licitación para a duración inicial do servizo será de 184.801.447,99 € distribuído en cinco anualidades para o período 2019-23***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, servizo encargado da prestación da asistencia ás urxencias e ás emerxencias sanitarias na Comunidade galega, no cal se incorporan seis ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (SVA), das que dúas son ambulancias de soporte vital avanzado medicalizadas e as outras catro son ambulancias de soporte vital avanzado de enfermaría.

As novas ambulancias de SVA medicalizadas terán a súa base no concello de Monforte de Lemos e na comarca do Salnés, mentres que as ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado de enfermaría terán base nas cidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Vigo. Deste xeito, o número de recursos asistenciais de soporte vital avanzado da Rede de transporte sanitario urxente de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 aumenta, das 10 ambulancias actuais ata as 16 unidades de soporte vital avanzado previstas nos pregos do novo contrato.

Ademais, a Rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061 incrementarase ata as 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico (SVB) coa incorporación dunha nova unidade con base no concello do Carballiño. A estes recursos hai que engadir o incremento das horas de operatividade das unidades non asistenciais con base nos concellos de Pedrafita do Cebreiro e de Folgoso do Courel que, a partir do novo contrato, pasarán de estar operativas 10 horas en horario nocturno a prestar asistencia durante as 24 horas.

Orzamento de licitación inicial

O orzamento de licitación para a duración inicial do servizo de transporte sanitario urxente terrestre será de cento oitenta e catro millóns oitocentos un mil catrocentos corenta e sete euros con noventa e nove céntimos (184.801.447,99 €) que se distribuirá en cinco anualidades correspondentes ao período comprendido entre o ano 2019 e o ano 2023.

Os pregos para a contratación do servizo inclúen a actualización dos equipamentos de comunicación con conexión de datos, xeolocalización e aplicación de mapas, e un sistema de navegador avanzado e actualizado en todas as unidades da Rede de transporte sanitario

urxente de Galicia-061.

Todas ambulancias de soporte vital avanzado e soporte vital básico deberán ser vehículos que contén con dispositivos actualizados en materia de seguridade activa e pasiva, tanto para os pacientes como para o persoal sanitario, e cos motores máis evolucionados e eficientes. Exixirase, tamén, a incorporación dos equipamentos sanitarios máis modernos e de novos materiais sanitarios de aplicación en medicina e enfermaría de urxencia.

En resumo, o novo contrato do servizo de transporte sanitario urxente terrestre da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 baséase nun plan de reestruturación da Rede de transporte sanitario urxente que mellorará a calidade asistencial e a seguridade do paciente co incremento do número de unidades asistenciais de soporte vital básico e avanzado, que permitirá unha mellora nos tempos de resposta ante calquera urxencia ou emerxencia sanitaria.

Por último, a reestruturación da Rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061 contribúe ao Plan de reforma do sistema de atención primaria en Galicia, mellorando os tempos de asistencia dos pacientes nos seus domicilios, optimizando os desprazamentos do persoal médico e de enfermaría no seu traballo diario e completando os horarios de asistencia en tempos óptimos nas zonas de núcleos de poboación dispersos e pouco habitados. Deste xeito, esta medida súmase ás xa iniciadas melloras do sistema de atención primaria do Servizo Galego de Saúde e constitúe un complemento de especial valor do sistema sanitario público galego de atención integral aos pacientes.

ARREDOR DE 400 MOZAS E MOZOS GAÑARÁN EXPERIENCIA LABORAL EN EMPRESAS DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO PROGRAMA GALEUROPA

- ***Destínanse 2 millóns de euros á nova convocatoria***
- ***O obxectivo é que as persoas participantes atopen traballo nunha firma asentada en Galicia unha vez que completen a súa formación práctica***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un investimento de 2 millóns de euros para convocar unha nova edición do programa Galeuropa, que permitirá que entre 350 e 400 mozas e mozos de entre 18 e 29 anos que non estean traballando nin estudando poidan realizar prácticas formativas en compañías da Unión Europea. O obxectivo é que as persoas participantes adquiran durante a súa estadía de dous a tres meses en firmas empresariais de países europeos unha experiencia profesional que lles permita atopar traballo en Galicia.

Galeuropa demostrouse útil para aumentar as oportunidades de emprego da xente nova. De feito, antes de iniciar as prácticas o 70% dos participantes estaban no paro e ao rematalas, tan só estaba nesta situación o 23%, 47 puntos menos. Neste sentido, ademais de reforzar os coñecementos e habilidades da xuventude coa adquisición, entre outras, de competencias en idiomas estranxeiros, esta iniciativa contribúe a dotar de recursos humanos de calidade o tecido empresarial galego.

A Administración autonómica outorga aos participantes unha axuda media de 3.300 euros, pois esta varía en función do país de realización das prácticas formativas e tamén da duración destas. As prácticas poderanse realizar en calquera país da Unión Europea, incluído o Reino Unido.

O 80% das axudas achéganse antes de iniciar as prácticas para que a situación económica non sexa un obstáculo para ninguén. Existen tres liñas de axudas: as individuais a mozas e mozos, a proxectos de mobilidade presentados por entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades no eido da xuventude e axudas para proxectos de mobilidade presentados por concellos.

A XUNTA INCREMENTA UN 42% O ORZAMENTO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR ATA ACADAR OS 630.000 EUROS

- ***Actúase en familias con nenas, nenos e adolescentes onde existen situacións de maltrato ou desprotección e lévase a cabo a través da Fundación Meniños***
- ***Incorpórase un novo técnico na provincia de Lugo***

O Consello da Xunta incrementou un 42% o orzamento destinado este ano ao Programa de integración familiar da Consellería de Política Social que desenvolve a Fundación Meniños, ata acadar os 630.000 euros. Esta iniciativa diríxese a fogares con menores onde existen situacións de maltrato ou desprotección, nos cales se actúa co obxecto de conseguir a reunificación, a preservación e a súa funcionalidade.

A través da reunificación familiar búscase facilitar o retorno á casa dos menores que están a residir en centros de acollida. Na fase de preservación intervéntese no eido preventivo para evitar a separación da nena ou neno do seu contorno e, na liña da funcionalidade, trabállase para evitar a deterioración da convivencia no fogar como paso previo ás etapas de reunificación ou preservación.

As ferramentas con que conta o programa para afrontar estas situacións son fundamentalmente tres. A primeira delas é a intervención psicosocial, que busca transmitir estratexias que melloren o funcionamento persoal e familiar. A segunda consiste na terapia familiar, coa cal se avanza na resolución de problemas de carácter psicolóxico, de relacións ou de conduta das persoas encargadas de protexer os menores. E unha terceira ferramenta é a educación familiar, para que as familias adquiran as habilidades e os hábitos que precisan para atender as necesidades físicas, afectivas, de organización do fogar e de resposta ás condutas dos menores.

Ademais do reforzo da dotación económica do programa con fondos propios da Administración autonómica, outras novidades son o establecemento dun anticipo do 12% e a incorporación dun novo técnico na provincia de Lugo. O Programa de integración familiar atendeu o ano pasado 335 menores no seo dunhas 200 familias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA CUALIFICARÁ MÁIS DE 26.000 DESEMPREGADOS E OCUPADOS A TRAVÉS DUNHA OFERTA DE MÁIS DE 1.880 CURSOS NOS PRÓXIMOS DOUS ANOS**

- ***A Xunta investirá 57,3 millóns de euros para poñer á disposición dos galegos e galegas unha formación de calidade para o emprego para incrementar as súas oportunidades laborais***
- ***Trátase dunha oferta adaptada ás demandas do tecido empresarial para dar resposta aos retos do novo modelo produtivo baseado nas novas tecnoloxías, destinando 50,8 millóns de euros ás persoas que buscan un emprego e 6,5 millóns ás que xa están traballando***
- ***Convocarase nas próximas semanas o Plan galego de formación para desempregados e ocupados con axudas para a posta en marcha de cursos en centros homologados pola Administración***
- ***Para desempregados destínanse 36M€ para beneficiar 13.500 alumnos a través de 900 cursos, e para ocupados o orzamento é de 5M€ cunha oferta de 475 cursos e 4.750 prazas***
- ***Facilítase ao alumno a posibilidade de elixir o curso e ás entidades e centros adxudicatarios das axudas a posibilidade de elección directa do alumnado, unha novidade que se introduciu o ano pasado para desempregados e que este ano se incorpora á convocatoria de ocupados***
- ***A Xunta, ademais, ofrece formación para desempregados en centros da rede pública: 345 cursos para formar 5.175 persoas cun investimento de 10,8M€***
- ***As unidades formativas na empresa permitirán cualificar 2.000 traballadores e persoas sen emprego en 160 accións formativas***

A Xunta vai investir 57,3 millóns de euros para poñer á disposición de máis de 26.000 galegos e galegas unha formación de calidade para o emprego que permitirá incrementar as súas oportunidades laborais, a través dunha oferta deseñada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria que está adaptada ás necesidades do tecido empresarial e que busca dar resposta aos retos no novo modelo produtivo baseado nas novas tecnoloxías. En total, destínanse 50,8 millóns de euros ás persoas que buscan un emprego e 6,5 millóns ás que xa están traballando.

Dentro das medidas incluídas, nas próximas semanas convocarase o Plan galego de formación para desempregados e ocupados, con axudas para a posta en marcha de cursos en centros homologados pola Administración. Dentro deste plan, destínanse 36 millóns de euros ás persoas desempregadas, co obxectivo de beneficiar 13.500 alumnos a través de 900 cursos. No caso dos ocupados, o orzamento é de 5 millóns de euros, cunha oferta de 475 cursos e 4.750 prazas.

Continuarase ofrecendo ao alumno a posibilidade de elixir o curso, independentemente do lugar de residencia, e as entidades e centros adxudicatarios das axudas poderán elixir de forma directa o alumnado, unha novidade que se introduciu o pasado ano para desempregados e que este ano se incorpora á convocatoria de ocupados. A formación

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

que se imparta permitirá seguir accedendo a certificados de profesionalidade con validez en todo o Estado.

Cómpre salientar, ademais, que un 50% do orzamento para cursos para desempregados se destinará á formación en competencias clave, os sectores do metal, o naval, a automoción, as competencias dixitais e a construción.

Por outra banda, a Xunta destina 10,8 millóns de euros á formación de 5.175 desempregados en centros da rede pública. En total, impartiranse 345 cursos tanto nos 13 centros da Consellería de Economía, Emprego e Industria como na rede de centros de formación profesional da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A estas iniciativas súmanse as unidades formativas na empresa, un programa de formación á carta que nesta edición, en fase de resolución, conta cun orzamento de 5,5 millóns de euros para cualificar máis de 2.600 persoas traballadoras e desempregados.

Todas estas accións formativas están axustadas ás demandas do tecido empresarial, para dar resposta ao novo modelo produtivo asentado na transformación dixital e a Industria 4.0.

AS AXUDAS PARA MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS DO RURAL BENEFICIARON PRETO DO 70% DOS CONCELLOS NOS ÚLTIMOS 3 ANOS

- ***A Consellería de Cultura e Turismo resolve a convocatoria de 2019, na cal inviste 3 millóns de euros, e mobilizará 4,7 millóns en proxectos de 126 concellos***
- ***Apoiaranse desde actuacións nos accesos, recuperación e tratamento paisaxístico, iluminación ornamental ou nos contornos dos BIC ou que estean en proceso***

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Axencia Turismo de Galicia, favoreceu nos últimos tres anos a mellora das infraestruturas turísticas do rural no 68% dos concellos galegos, cun investimento global de 9 millóns que mobilizaron máis de 12 millóns de euros.

Así se informou hoxe no Consello da Xunta, onde se deu conta da resolución da convocatoria de 2019 desta liña de axudas da cal se beneficiarán 126 concellos, cun impacto territorial equilibrado e repartido polas catro provincias. Este ano, o 21% das subvencións destinarase a concellos da provincia da Coruña, o 30% a concellos da provincia de Lugo, o 28% da provincia de Ourense e o 21% da provincia de Pontevedra.

A Xunta financiará o 85% do investimento dos proxectos que realicen estas entidades, incluíndo desde actuacións de mellora dos accesos, recuperación e tratamento paisaxístico, iluminación ornamental ou actuacións dos bens de interese cultural ou que estean en proceso, entre outras accións.

A Consellería de Cultura e Turismo inviste este ano 3 millóns de euros e mobiliza 4,7 millóns en proxectos que reforzarán e mellorarán recursos existentes, impulsarán distintos segmentos turísticos en determinadas áreas xeográficas galegas, fomentarán accións en contornos patrimoniais e naturais e mesmo permitirán recuperar diferentes recursos etnográficos.

Esta liña de axudas forma parte do compromiso da Xunta para que a actividade turística se posicione como un factor clave no desenvolvemento socioeconómico, especialmente do rural galego. Contribúe a diversificar a oferta turística, de xeito que os viaxeiros poidan coñecer Galicia ao completo ao tempo que os galegos e as galegas experimenten os beneficios económicos, sociais e culturais que o turismo supón.

A XUNTA SALIENTA A BOA MARCHA DO SECTOR TURÍSTICO EN SEMANA SANTA CON MÁIS VIAXEIROS E UNHA ALZA NOS INGRESOS DE ATA O 15%

- **Constata o balance positivo dos profesionais do sector, que sinala que a ocupación chegou a alcanzar o 95% nos días máis importantes**
- **Aínda que se trata dunha época en que destaca o turismo nacional, o número de viaxeiros estranxeiros continúa incrementándose**

O Consello da Xunta analizou hoxe as cifras rexistradas no sector turístico durante a Semana Santa, na cal o balance foi moi positivo, xa que a ocupación chegou a alcanzar o 95% nos días máis importantes e que os ingresos se incrementaron ata un 15%. Trátase de datos, a partir dunha sondaxe realizada polo Clúster Turismo de Galicia, para dar una visión cualitativa, que veñen constatar a boa marcha do sector turístico na nosa Comunidade e o desempeño dos profesionais a partir da colaboración público-privada.

Unha das variables analizadas foi a tendencia crecente dos prezos e ingresos. Co obxectivo de consolidar un modelo que afonda na calidade, o sector hoteleiro avanzou novamente nestas variables. Neste contexto de melloría, os profesionais do sector manifestaron que durante esta Semana Santa se chegou a alcanzar unha suba do 15% desde un 5%.

Estase a consolidar así un destino que recibe turistas todo o ano, polo tanto un destino máis desestacionalizado e sustentable. Ademais, trátase dun turismo cada vez de máis calidade, como amosan as distintas variables cualitativas. Malia que o bo tempo foi un dos condicionantes cómpre ter en conta a mellora da oferta. É tamén un turismo máis internacional; no primeiro trimestre deste ano os visitantes estranxeiros incrementáronse un 3% e tamén aumentaron a súa presenza nestas xornadas festivas.

En termos de ocupación, cómpre sinalar que os datos de Semana Santa superaron todas as expectativas dos profesionais do sector. En termos xerais, o rango de ocupación situouse entre un 65 e un 85%. Nos días máis importantes, entre o Xoves e o Sábado Santo, o rango de ocupación elevouse ata o 95%, chegando nalgúns establecementos a acadar o 100%, especialmente en lugares como Ferrol ou Viveiro, cuxas celebracións destacan especialmente por estaren declaradas de interese turístico internacional desde hai xa varios anos.

A provincia de Lugo tivo un notable comportamento, cunha ocupación media foi do 93%, o que supón un aumento interanual do 10% con respecto aos datos rexistrados en 2018. A recente aprobación da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial da Unesco tamén repercutiu na provincia de Ourense, con resultados nun nivel moi elevado. Tamén tivo especial influencia a designación do Xeoparque Montañas do Courel para colgar o cartel de completo.

En Santiago de Compostela tamén se alcanzaron as previsións previstas polos profesionais do sector. As cifras de ocupación situáronse arredor do 85%, en liña coa Coruña, e

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

alcanzaron o 95% durante os días máis importantes. Cómpre destacar que na capital galega varía a distribución dos turistas segundo a súa procedencia. Deste xeito, gaña un maior peso o turista estranxeiro debido á influencia do Camiño de Santiago. En total, recolleron a súa *Compostela* 14.000 peregrinos, un 61% máis que na Semana Santa de 2018.

A provincia de Pontevedra alcanzou unha ocupación de preto do 85% con distintos polos de atracción, como as cidades de Vigo e Pontevedra, que notaron a influencia do ascenso do Camiño Portugués e do Camiño Portugués da Costa, os máis seguidos tras o Francés.

No Salnés déronse citas deportivas que animaron a ocupación. Ademais, en Sanxenxo e O Grove ocupáronse entre o 85% e o 95% das prazas, amosando o potencial das Rías Baixas tamén na primavera.

Finalmente, cómpre salientar que, máis alá do turismo urbano, tamén o turismo rural deixou bos resultados, pois acadou unha ocupación do 67% nos días festivos.